



Poño no seu coñecemento que o día 03/10/2024 12:00:00, a Alcaldía ditou a *resolución núm. 1838/2024* que a continuación se transcribe:

Expte. núm. 2024/G003/001792

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Subvención municipal dirixida a entidades sen ánimo de lucro para organizar actividades culturais para o ano 2023. Aprobación da concesión definitiva e do pago das axudas desta convocatoria)

ANTECEDENTES

1. Bases reguladoras da convocatoria, publicadas no BOP da Coruña núm. 222, do 21 de novembro de 2023 e extracto da convocatoria, publicado no BOP da Coruña núm. 225, do 24 de novembro.
2. Decreto de alcaldía núm. 2452/2023, do 30 de decembro, de resolución de concesión definitiva das axudas.
3. Acta da Comisión de Valoración, de data 30 de maio de 2024, na que se propón o resultado da revisión da documentación de xustificación presentada polas entidades beneficiarias, incluíndo a proposta de importes de axuda correspondentes por un importe global de 15.354,75 euros.
4. Informe de fiscalización do 24 de xullo de 2024, no que se considera correctamente xustificado polas entidades beneficiarias un importe global de 14.980,06 euros e no que se indica unha discrepancia coa acta da comisión de valoración na documentación de xustificación presentada por unha das entidades beneficiarias, á que pode requirírselle emenda en virtude da base reguladora 8.2. No informe sinálase a competencia da Alcaldía para recoñecer estas axudas, ao non superar ningún dos gastos incluídos no expediente o importe de 12.000 euros, segundo o Decreto de alcaldía.
5. Rexistro 202499900004358, do 01.08.2024, de emenda da documentación de xustificación incompleta que recollía o informe de fiscalización, presentada pola entidade beneficiaria e recollida no expediente de solicitude de subvención 2023/A003/000043.
6. Acta da segunda reunión da Comisión de Valoración, de data 05.09.2024, na que se do sinalado no informe de fiscalización e do resultado da revisión da documentación emendada, concluíndo coa proposta de importes de axuda correspondentes, por importe total de 15.387,35 euros.

Por todo canto antecede, tendo en conta o informe de fiscalización de data 24 de xullo, considerando correcta a documentación emendada e revisada pola Comisión, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a xustificación presentada polas entidades beneficiarias e aprobar a concesión definitiva de axudas que se relacionan na seguinte táboa, correspondentes ás entidades solicitantes da convocatoria de Subvencións municipais para entidades sen ánimo de lucro para organizar actividades culturais para o ano 2023, polo cumprimento comprobado da súa condición de beneficiarias e polo importe de axuda xustificado correctamente por cada unha delas, recoñecendo a obriga con cargo á aplicación orzamentaria 3340.48000 por un importe total de 15.387,35 euros, segundo se detalla na seguinte táboa:



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

SOLICITANTE	NIF	IMPORTE CONCESIÓN DEFINITIVA
-------------	-----	---------------------------------

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. verificar a integridade e autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.sada.gal>



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

SOCIEDADE RECREATIVA, CULTURAL E DEPORTIVA DE SADA	G15040983	2.415,82 €
ASOCIACIÓN CULTURAL ERES DE SADA SI	G70527379	1.477,98 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE MONDEGO «O CANDIL»	G15427370	407,29 €
ASOCIACIÓN CULTURAL TOULIÑA POP	G70552500	1.165,36 €
ASOCIACIÓN DE MÚSICA E DANZA TRADICIONAL QUEIROA	G15862956	2.019,85 €
ASOCIACIÓN CULTURAL E MARIÑEIRA OS PATEXEIROS	G70200621	1.832,28 €
ASOCIACIÓN 3ª IDADE A LEMBRANZA	G15850381	1.154,94 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CARNOEDO «ARMENTAL»	G15047962	1.227,89 €
ASOCIACION DE VECIÑOS DA OBRA	G13954003	0,00 €
ASOCIACIÓN MUSICAL NOVA TROULA	G70498001	1.748,91 €
ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA A MEDA DO CASTRO	G15338197	1.165,36 €
ASOCIACIÓN CULTURAL IRMÁNS SUÁREZ PICALLO	G70150065	771,67 €
TOTAL:		15.387,35 €

Segundo.- Ordenar á Tesouraría municipal o pagamento das axudas aprobadas, previa comprobación do cumprimento das súas obrigas tributarias consonte o artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceiro.- Notificar esta resolución ás entidades beneficiarias de acordo coa base reguladora número 13 e de conformidade co artigo 45 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Cuarto.- Contra esta resolución, definitiva en vía administrativa, e as persoas físicas ou xurídicas afectadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción desta notificación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de A Coruña, durante o prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de recepción desta notificación. No caso de interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio, transcorrido un mes desde a súa interposición sen resolución expresa. Non obstante, as interesadas poderán exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente

O que traslado a vostede para o seu coñecemento e efectos procedentes.
Sada, luns 11 de novembro de 2024.- A Secretaria que asina á marxe.

RÉXIME DE RECURSOS:

**D/Dª ABEL LOPEZ SOTO
O CASTRO, 1-B - OSEDO
15168 Sada
A Coruña/España**

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. verificar a integridade e autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.sada.gal>